



ACTA DA MESA PARA A CONTRATACIÓN OBRA "PROXECTO DE MELLORAS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS ÁLVAREZ DURÁN", POSTA EN COÑECEMENTO INFORME TÉCNICO Á DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE OFERTA ANORMAL OU DESPROPORCIONADA, ADMISIÓN DE PROPOSTAS E PROPOSTA DE OFERTA MÁIS VENTAXOSA

Na Casa Consistorial do Concello de Tui e ás doce horas e trinta e tres minutos do día 8 de novembro de 2016, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, integrada polos seguintes membros:

Asistentes:

- Presidente: Enrique Cabaleiro González, alcalde-presidente.

-Vogais:

Aitor Iglesias Monzón, interventor do concello.
Pilar Fernández Alonso, secretaria do concello.
José Manuel Ferreiroa González, arquitecto técnico municipal.
Yolanda Rodríguez Rodríguez, concelleira delegada de Facenda e Urbanismo.

-Secretaría:

Mª Jesús Blanco Martínez, funcionaria do concello.

1.- A Mesa de Contratación realizada o día 26 de outubro 2016, acto de apertura pública das propostas económicas presentadas á licitación, acordou, por unanimidade, solicitar á empresa ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L., xustificación da valoración da oferta presentada, dado que a baixa pode ser desproporcional ou anormal, e tendo en conta a regulación establecida ao efecto no art. 152.3 do TRLCSP, outorgándose un prazo de audiencia de dous días hábiles ao licitador aos efectos de presentar a xustificación solicitada, e unha vez rematado o prazo proceder a remitir a oferta e xustificación presentada ao técnico municipal para a emisión do informe ao que fai referencia o art. 152.3 do TRLCSP.

2.- Presentada a documentación requirida polo licitador, R.E. nº 9845 de 04/11/2016, se emite informe polo arquitecto técnico municipal, que se transcribe literalmente:

*"**JOSÉ MANUEL FERREIROA GONZÁLEZ**, arquitecto técnico do Concello de Tui a petición do Departamento de Contratación do Excmo. Concello de Tui para que emita INFORME TÉCNICO sobre a xustificación de baixa desproporcionada da empresa ZONA DE OBRA O ROSAL, SL que se presentou ao concurso do proxecto de MELLORAS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS ALVAREZ DURAN convocado polo Concello de Tui, emite o seguinte:*

INFORME TÉCNICO

1.- ANTECEDENTES

- Con data 26 de outubro de 2016 constitúese a mesa de contratación da obra MELLORAS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS ALVAREZ DURAN para realizar a apertura do sobre nº 2 CRITERIOS CUANTIFICABLES DE FORMA AUTOMÁTICA. Preséntanse un total de 14 empresas,

Despois de proceder á análise das ofertas económicas solicítaselle á empresa ZONA DE OBRA O ROSAL, SL xustificación da valoración da oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia a realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda de Estado

- A empresa ZONA DE OBRA O ROSAL, SL presenta unha xustificación da oferta económica, que se me achega o 7 de novembro de 2016.

2.- ANÁLISIS DA XUSTIFICACIÓN PRESENTADA

2.1.- XUSTIFICACIÓN DE "ZONA DE OBRA O ROSAL, SL" (RXE/9845/2016 DE 04/11/2016)

Indicase na xustificación que

"[...]

Esta mercantil cree necesario indicar al órgano de contratación que la misma ha tenido en cuenta las siguientes premisas sobre las cuales ha realizado su oferta y sus particularidades:

- MAQUINARIA: Nuestra empresa dispone de amplios equipos de maquinaria y medios auxiliares en propiedad y amortizados a día de hoy, que nos permite reducir los costes directos de las partidas a ejecutar en estas obras.
- MATERIALES: Debido al volumen de obra contratada en los últimos meses con materiales de características similares y gracias a la colaboración durante años de suministradores habituales obtenemos precios muy competitivos que nos permiten reducir costes en la compra y suministro de materiales.
- MANO DE OBRA: Contamos con operarios que llevan años trabajando en su puesto de trabajo del cual han adquirido una experiencia que conlleva rendimientos de obra y disminución de plazos produciendo de este modo una reducción en los costes directos indirectos y de estructura.
- COSTES INDIRECTOS: Para el cálculo de los costes indirectos de la obra contamos con un equipo técnico y personal de obra que en estos momentos se encuentra en la ejecución de varias obras con características muy similares a la del presente informe, por tales motivos también podemos ajustar de forma muy importante los costes indirectos y generales de la obra, al coincidir en el tiempo en la ejecución de los trabajos de la presente obra.
- Para el cálculo de los precios establecidos en cuanto a maquinaria y mano de obra para la justificación de precios son por un lado sin amortización de la misma ya que no se ha internalizado en su coste por razones que hemos aducido anteriormente, pero con precios de mercado y por otro la mano de obra es similar a la existente no sólo en la justificación de precios sino siguiendo la realidad dentro de la empresa la cual cumple con las tablas salariales exigibles por el convenio de la construcción y el estatuto de los trabajadores
- Se ha procedido a realizar el cálculo total en el que esta empresa entiende debe incurrir en la realización de la obra, descompuesto en las siguientes partidas:
 - Coste Directo
 - Coste de Maquinaria y Mano de Obra
 - Coste de Materiales y medios auxiliares.
 - Costes indirectos
 - Gastos Generales de empresa (6%) entre los que se han tenido en cuenta los estructurales y financieros.
 - Beneficio de empresa. El beneficio de empresa que hemos considerado en esta obra es de un 2% del coste de ejecución

"[...]"

Con respecto ás premisas que tivo en conta a empresa

- Non se indica nin xustifica á maquinaria con que conta a empresa, nin a data de adquisición da mesma, nin o motivo por o cal dita maquinaria está amortizada.
- Non se indica nin se xustifica o volume de obra contratado. Non se indican nin xustifican os subministradores habituais, nin se xustifica a colaboración con eles durante anos.
- Non se indican ós operarios con que conta, nin se xustifica a experiencia que poidan ter e que lle permite unha redución de custos indirectos e de estrutura.
- Non se indica o equipo técnico con que conta, nin se indica nin se xustifica as obras que se encontran executando nestes intres, que lle permite axustar dunha forma moi importante os custos indirectos e xerais da obra.
- Indicase que os gastos xerais da empresa son dun 6%, pero non se aporta ningunha documentación que xustifique esta premisa.

No ANEXO DESGLOSE ECONÓMICO indicanse os prezos descompostos considerados pola empresa

Na previsión de custos considéranse os mesmos prezos de proxecto ou superiores, salvo en dous partidas



Na partida do céspede artificial o único prezo que se aporta é o do céspede da empresa MC SPORTT.

Non se aportan prezos unitarios nin rendementos, nin de man de obra, nin de maquinaria, nin de medios auxiliares.

Non se considera no descomposto o aporte de arena e caucho negro.

Non se xustifica que o céspede ofertado pola empresa MC SPORTT sexa similar ao especificado en proxecto.

Non se considera no descomposto o posible desperdicio de céspede que leva a súa instalación.

Na partida de reparación de base asfáltica

Non se aportan prezos unitarios nin rendementos, nin de man de obra, nin de maquinaria, nin de medios auxiliares materiais.

Indicase que os gastos xerais supoñen un 6% sobre a execución material, cun importe de 4.923,64 euros.

Pero non se xustifica a contía desta porcentaxe.

Non se valoran expresamente, os gastos derivados do contrato como son

- A publicación do anuncio de licitación no BOP.

- O cartel de obra que ten a obriga de colocar.

- Os de policía e vixilancia durante o período de garantía (que ademais incrementou na súa proposición en 4 anos)

Resulta de todo o anterior que

- non se xustifican as premisas que tivo en conta á empresa para elaborar a oferta.

- non se xustifica suficientemente a oferta económica presentada nalgunhas partidas.

- non hai ofertas de provedores que xustifiquen algunhas das subministracións de obra.

*Polo que a min entender **NON ESTÁ XUSTIFICADA A VIABILIDADE DA PROPOSTA ECONÓMICA de "ZONA DE OBRA O ROSAL, SL"***

O presente informe contén a miña opinión, segundo o meu leal saber e entender e que someto a calquera outra mellor formada, ten carácter exclusivamente técnico, sen prexuízo do que se formule en calquera outro informe ou requisito que se considere necesario e sen prexuízo do que decida a Mesa de Contratación como órgano competente para a estimación ou non das xustificacións presentadas.

Tui, 8 de novembro de 2016."

A Mesa de Contratación, á vista do informe emitido, por unanimidade adopta o seguinte acordo:

1º.- Propoñer ao órgano de contratación o rexeitamento da proposta económica presentada polo licitador ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L., con enderezo no Rosal, Transversal Cotro, nº 23B, 36760 O Rosal, de acordo coa motivación sinalada no informe do arquitecto técnico de data 8 de novembro.

2º.- Outorgar as seguintes puntuacións aos licitadores seguintes:

BAIXA NO PREZO:

EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA	BAIXA	PUNTOS
Construcciones Fechi, S.L.U.	114.804,80 €	38.390,84 €	50
Ecogalaico Innovación, S.L.	114.896,74 €	38.298,90 €	49,88
Mondo Ibérica, S.A.	116.099,50 €	37.096,14 €	48,31
Calfensa Proyectos, S.L.	119.427,00 €	33.768,64 €	43,98
Mecano Sport, S.L.	120.903,20 €	32.292,44 €	42,06

Construccines Castro Figueiro, S.L.U.	123.935,28 €	29.260,36 €	38,11
Plaintec Obras y Servicios, S.L.	128.235,80 €	24.959,84 €	32,51
Sestrama-09, S.L.	129.826,82 €	23.368,82 €	30,44
CMG Agua y Energía, S.L.	130.075,00 €	23.120,64 €	30,11
Construcciones Obras e Viais, S.A. (COVSA)	131.978,04 €	21.217,60 €	27,63
NAROM, S.L.	133.433,40 €	19.762,24 €	25,74
Galitec Desarrollos Tecnológicos, S.L. (GALITEC)	135.399,00 €	17.796,64 €	23,18
Construcciones Martínez Pequeño, S.L.	136.609,00 €	16.586,64 €	21,60

VALORACIÓN ÁS MELLORAS:

EMPRESA	REDUCCIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN		INCREMENTO DO PRAZO DE GARANTÍA		TOTAL SUMA
	DÍAS	PUNTOS	ANOS	PUNTOS	PUNTOS
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	14,00	21,00	4,00	24,00	45,00
COSNTRUCCIÓNS OBRAS E VIAIS, S.A.	14,00	21,00	4,00	24,00	45,00
MECANO SPORT, S.L.	14,00	21,00	4,00	24,00	45,00
NAROM, S.L.	0,00	0,00	4,00	24,00	24,00
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	14,00	21,00	4,00	24,00	45,00
GALITEC	14,00	21,00	4,00	24,00	45,00
SESTRAMA-09, S.L.	14,00	21,00	4,00	24,00	45,00
CMG AGUA Y ENERGÍA, S.L.	14,00	21,00	4,00	24,00	45,00
CONCTRUCCIONES MARTINEZ PEQUEÑO, S.L.	14,00	21,00	4,00	24,00	45,00
ECOGALIACO INNOVACIÓN, S.L.	14,00	21,00	4,00	24,00	45,00
PLAINTEC OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	14,00	21,00	4,00	24,00	45,00
MONDO IBÉRICA, S.A.	14,00	21,00	4,00	24,00	45,00
CALFENSA PROYECTOS, S.L.	14,00	21,00	4,00	24,00	45,00

PUNTUACIÓN TOTAL:

EMPRESA	PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA	PUNTUACIÓN MELLORAS	PUNTOS TOTALES
Construcciones Fечи, S.L.U.	50,00	45,00	95,00
Ecogalaico Innovación, S.L.	49,88	45,00	94,88
Mondo Ibérica, S.A.	48,31	45,00	93,31
Calfensa Proyectos, S.L.	43,98	45,00	88,98
Mecano Sport, S.L.	42,06	45,00	87,06
Construccines Castro Figueiro, S.L.U.	38,11	45,00	83,11
Plaintec Obras y Servicios, S.L.	32,51	45,00	77,51
Sestrama-09, S.L.	30,44	45,00	75,44
CMG Agua y Energía, S.L.	30,11	45,00	75,11
Construcciones Obras e Viais, S.A. (COVSA)	27,63	45,00	72,63
Galitec Desarrollos Tecnológicos, S.L. (GALITEC)	23,18	45,00	68,18
Construcciones Martínez Pequeño, S.L.	21,60	45,00	66,60
NAROM, S.L.	25,74	24,00	49,74



3º.- Á vista das puntuacións obtidas polos licitadores, a Mesa de Contratación, propón á empresa " CONSTRUCCIONES FECHI, S.L", NIF nº B36258861, como oferta económica máis vantaxosa, con enderezo en Tomiño, Barro Lago, nº 34, Figueiró, cp 36740, que se eleva ó órgano de contratación para requirir ó licitador proposto que presente a documentación xustificativa de conformidade co artigo 151 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público así como documentación acreditativa dos aspectos presentados segundo de declaración responsable, de conformidade coa Lei 14/2013 de 27 de setembro. Dado que o licitador proposto está inscrito no Rexistro Xeral de Contratistas co número 3867, os datos que aparezan no referido certificado acreditativos dos aspectos contemplados no art. 328 do TRLCSP, estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a Administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios a fin de verificar ou comprobar a exactitude ou vixencia dos mesmos; todo de conformidade co indicado na cláusula 15 do prego de condicións administrativas.

De seguido exténdese a presente acta que é asinada por tódolos asistentes, do que eu secretaria, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION.

O ALCALDE

A SECRETARIA DA MESA

Asdo.: Enrique Cabaleiro González

Asdo.: María Jesús Blanco Martínez

VOGAIS:

O INTERVENTOR

A SECRETARIA DO CONCELLO

Asdo.: Aitor Iglesias Monzón

Asdo.: Pilar Fenández Alonso

ARQUITECTOTÉCNICO MUNICIPAL

A CONCELLEIRA DE FACENDA

Asdo.: José Manuel Ferreiroa González

Asdo.: Yolanda Rodríguez Rodríguez